

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e denegada para o estudantado beneficiario ou solicitante de protección internacional, apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína, no curso académico 2024/2025

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da resolución reitoral do 2 de xullo de 2024 no que se regulan as bases da convocatoria *de bolsas para o estudantado beneficiario ou solicitante de protección internacional apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína*, unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas procede a:

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía e persoa coa bolsa denegada (anexo I)

De acordo co establecido no punto 8 da convocatoria son obrigas das persoas beneficiarias:

- 1) Matricularse no curso 2024/2025 antes do 15 de novembro de 2024 nalguna titulación de grao, mestrado universitario, doutoramento, ou propia de especialista da Universidade de Vigo. A obtención do título queda condicionada ao mantemento da permanencia legal no país.
- 2) Participar de xeito presencial nas actividades académicas ao longo de todo o curso, a realización das probas e exames das materias nas que se atopan inscritas e a participación responsable nas demais actividades orientadas a completar a súa formación. A vicerreitoría de Extensión Universitaria poderá solicitar os informes que considere oportunos para a determinación do cumprimento das obrigas establecidas neste apartado.
- 3) Entregar unha memoria sobre a experiencia persoal e académica, no prazo dunha semana dende que remata o curso.
- 4) No caso dos solicitantes de asilo deberán comunicar a admisión ou inadmisión a trámite da solicitude en canto a reciban.
- 5) Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR de 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Extensión Universitaria
Susana Reboreda Morillo



ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA E A SÚA CONTÍA

Documento	Puntuación total	Contía
****8551*	5	2.000€ + matrícula + curso de castelán
****1845*	5	2.000€ + matrícula + curso de castelán
****2920*	5	2.000€ + matrícula + curso de castelán
****1714*	5	2.000€ + matrícula
****6853*	6	200€ + matrícula

PERSOA CON BOLSA DENEGADA

Documento	Puntuación total	Causa de denegación
****1110*	1	Obter unha puntuación inferior a 2 puntos no apartado de situación económica

